



ATHENA



HR EXCELLENCE IN RESEARCH

RESOLUCIÓN REITORAL POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES REGULADORAS E SE APROBA A CONVOCATORIA DE PRAZAS DE INTERCAMBIO EN INSTITUCIÓNS DE ENSINO SUPERIOR PARTICIPANTES NA REDE *INTERNATIONAL STUDENT EXCHANGE PROGRAM* (ISEP) PARA O CURSO ACADÉMICO 2026-2027

A Universidade de Vigo é unha institución membro da rede *International Student Exchange Program* (ISEP) no marco do acordo existente entre ambas institucións. ISEP é unha rede de universidades de todo o mundo que ten por obxectivo facilitar a mobilidade de estudantes. No caso da Universidade de Vigo, os intercambios efectúanse en réxime de reciprocidade coas distintas universidades que forman a rede ISEP (modalidade ISEP *exchange*).

Esta convocatoria ten como finalidade a asignación de prazas de mobilidade internacional, sen incluír directamente a concesión de bolsas económicas. No caso de que algunha das posibles entidades financiadoras (Xunta de Galicia, Deputación de Pontevedra, Banco de Santander) esixa unha convocatoria específica para a concesión de axudas, esta será publicada posteriormente e estará dirixida exclusivamente ao estudantado que obteña praza nesta convocatoria. Se non se require esa convocatoria específica, o feito de presentar a solicitude nesta convocatoria dá dereito automático ao estudantado a participar no proceso de adxudicación das axudas económicas que poidan convocarse, sen necesidade de realizar unha nova solicitude. As contías das bolsas, se as houbera, serán establecidas mediante resolucións reitorais segundo o tipo de financiamento concedido.

En virtude do convenio de participación en ISEP, do [Regulamento de mobilidade internacional](#) da Universidade de Vigo, e de acordo coas facultades que lle outorgan a Lei orgánica 2/2023, de 22 de marzo, do sistema universitario e o artigo 72 do Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro, polo que se aproban os estatutos da Universidade de Vigo, esta reitoría

RESOLVE:

1. Convocar un máximo de 12 prazas anuais ou 24 cuadrimestrais en réxime de concorrencia competitiva, para realizar estadias académicas en universidades pertencentes á rede ISEP – *International Student Exchange Program*, durante o curso 2026/2027, de curso completo (preferentemente) ou de duración cuadrimestral, segundo a dispoñibilidade e preferencia do estudantado.

A listaxe completa de universidades dispoñibles pode consultarse na seguinte ligazón:

 www.isepstudyabroad.org/member-universities e o estudantado poderá elixir destinos entre as universidades participantes na rede ISEP, pertencentes a algunha das seguintes tres zonas xeográficas:

- Asia
- Oceanía
- Estados Unidos e Canadá

2. Ordenar a publicación desta convocatoria e as bases que a regulan ([anexo I](#)) no [taboleiro electrónico da sede electrónica da Universidade de Vigo](#) e no [Portal de bolsas](#) da páxina web da Universidade de Vigo.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición





ATHENA



HR EXCELLENCE IN RESEARCH

contencioso-administrativa.

Así e todo, as persoas interesadas poderán optar por interpoñer un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso, non caberá interpoñer o recurso contencioso-administrativo namentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, de acordo co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Vigo, na data da sinatura electrónica

O REITOR

Por delegación R.R. 30/05/2024 (DOG 10/06/2024)

A vicerreitora de Internacionalización

M^a Isabel del Pozo Triviño





ATHENA



HR EXCELLENCE IN RESEARCH

ANEXO I

BASES QUE REGULAN A CONVOCATORIA DE PRAZAS DE INTERCAMBIO ACADÉMICO 2026-2027 NO MARCO DA REDE ISEP

1. OBXECTO

Estas axudas teñen por obxecto ofrecer ao estudantado da Universidade de Vigo a posibilidade de cursar estudos nalguna das universidades que participan no ISEP (listaxe de Universidades participantes dispoñible en <https://www.isepstudyabroad.org/member-universities> no curso 2026-27, tendo cubertos o aloxamento e a manutención durante a súa estadía na universidade ou, no seu defecto, un subsidio supletorio.

2. REQUISITOS

Poderá participar na presente convocatoria o estudantado que cumpra os seguintes requisitos:

2.1. Requisitos xerais das persoas participantes:

- Estar matriculada/o en estudos de grao (*undergraduate*) no curso académico 2025-2026 nos cursos 2º, 3º ou 4º das titulacións oficiais de grao que se ofertan nos centros propios da Universidade de Vigo e nos centros adscritos de titularidade pública. O estudantado dos graos de Fisioterapia e Enfermería non poderá participar nesta convocatoria ao corresponder os seus estudos ao nivel de posgrao nos destinos ofertados.
- Ter superados como mínimo 60 créditos no momento de presentación da solicitude.
- Non ter gozado dunha bolsa ISEP con anterioridade.
- Non ter renunciado, sen motivo xustificado, a unha praza de mobilidade internacional no curso anterior.
- Atendendo ao [Regulamento de mobilidade internacional](#) da Universidade de Vigo, recoméndase a inclusión de 30 créditos ECTS por cuatrimestre e 60 créditos ECTS por estadía anual no contrato de estudos. Os créditos cursados a maiores dos esixidos no grao aparecerán igualmente no Suplemento Europeo ao Título (SET). En todo caso, o número de créditos que se incluírá no acordo de estudos será dun mínimo de 36 créditos ECTS para mobilidades anuais e de 18 créditos ECTS para mobilidades cuatrimestrais. Poderanse incluír menos créditos:
 - Se a normativa da universidade de destino impide una matrícula de mais créditos ECTS.
 - Se a normativa do centro da Universidade de Vigo o permite.
 - Se a persoa solicitante ten unha discapacidade recoñecida de máis do 65%.
 - Se a persoa solicitante ten necesidades de apoio educativo e está adscrita ao programa PIUNE, previo informe favorable da Comisión Técnica de Atención á Diversidade (COATEN).
- O estudantado matriculado en PCEO rexerase pola normativa do centro responsable dos programas de intercambio da titulación.

2.2. Requisitos lingüísticos:

Para destinos nos que o ter un certificado de nivel de inglés é requisito, é obrigatorio a posesión con vixencia do *Test of English as a Foreign Language (TOEFL iBT)* ou *International English Language Testing System (IELTS)* cunha puntuación igual ou superior a 72 iBT en TOEFL ou a 5,5 en IELTS (equivalente a un nivel B2). Non se admitirá ningunha outra acreditación lingüística de inglés. Admitiranse igualmente a trámite aquelas solicitudes que acheguen copia da matrícula no TOEFL ou IELTS para probas convocadas ata o **13 de decembro de 2025**. De non haber prazas para a realización da proba de forma presencial, o estudantado poderá realizar a matrícula no TOEFL iBT *Home Edition*.





ATHENA



HR EXCELLENCE IN RESEARCH

No caso de ser necesaria a certificación doutro idioma, se o destino solicitado non é anglófono, o estudantado deberá consultar o requisito da universidade de destino solicitada.

3. INFORMACIÓN ECONÓMICA

3.1. Cuota de participación que se debe ingresar á Universidade de Vigo:

O programa ISEP finánciase a través do sistema de reciprocidade institucional. O estudantado da Universidade de Vigo estará exento do pago de taxas de matrícula na universidade de destino e esta institución de acollida cubrirá os gastos de aloxamento e manutención durante a súa estadía nos períodos lectivos.

O estudantado seleccionado aboará á Universidade de Vigo a cantidade de 5.000 €, se a estadía é anual, ou 3.500 €, se a estadía é cuatrimestral, no mes de xaneiro de 2027.

3.2. Taxas que se debe ingresar a ISEP o estudantado da Universidade de Vigo :

a) Taxa de tramitación (*Application Fee*)

Unha vez seleccionado pola Universidade de Vigo, o estudantado aboará directamente a ISEP a taxa de tramitación de ISEP (*ISEP Exchange Application Fee*), a cal non será devolta en ningunha circunstancia, incluso no caso de que, por mor da cualificación das probas de nivel lingüístico da/o solicitante, ISEP non poida proporcionar asignación en ningunha institución do programa. O importe da taxa é de 100 dólares USA segundo a información ofrecida por ISEP:

<https://www.isepstudyabroad.org/programs/program-types-and-deadlines/isep-exchange>

b) Taxa de asignación (*Placement Fee*)

No momento de ter asignada unha institución de destino e logo de tela aceptada, o estudantado deberá aboar directamente a ISEP a taxa de asignación (*ISEP Exchange Placement Fee*), que non será devolta en ningún caso. Esta taxa é de 450 dólares USA.

3.3. Posibilidade de axudas complementarias:

- Bolsas do Ministerio de Educación y Formación Profesional (MEFP): as prazas ISEP son compatibles coa bolsa xeral de estudos do MEFP.
- Bolsas da Xunta de Galicia: A Xunta de Galicia publicará unha convocatoria de axudas complementarias ao estudantado **matriculado en titulacións de grao** que goce dunha praza de intercambio en **países extracomunitarios**, compatible coa ISEP. Queda excluído desta convocatoria da Xunta de Galicia o estudantado que xa recibise esta axuda en anteriores convocatorias.

IMPORTANTE: o estudantado deberá presentar a solicitude segundo o que estableza a convocatoria publicada pola Xunta de Galicia. Tramitarse en liña unicamente, polo que deberá asegurarse de que dispón dos medios para presentar a solicitude estando fóra de España (certificado dixital, Chave 365, DNIE).

- Bolsas da Deputación de Pontevedra: como en anteriores convocatorias, existe a previsión de asinar un acordo coa Deputación de Pontevedra que permitirá financiar axudas complementarias ao estudantado que goce de bolsas internacionais de intercambio, entre elas ISEP. O estudantado non terá que presentar unha solicitude. A Universidade de Vigo fará pública unha resolución de concesión de axudas ao estudantado seleccionado pertencente aos campus de Pontevedra e Vigo.

4. SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

A presentación de solicitudes supón a realización da totalidade dos seguintes pasos:

- Acceder ao [Portal de mobilidades saíntes](https://run.gob.es/hsb0d8bw6q) da Universidade de Vigo e identificarse cos datos de acceso á secretaría virtual.





ATHENA



HR EXCELLENCE IN RESEARCH

- Unha vez dentro do Portal, cumprimentar no apartado «procedementos abertos» o formulario correspondente á **Solicitud de praza ISEP 2026/27** e achegar a documentación requirida.

Só se poderá presentar unha solicitude por estudante polo que non deberán premer o botón de enviar a solicitude ata asegurarse de que os datos incluídos son correctos.

O prazo de presentación de solicitudes comezará o día seguinte ao da publicación desta convocatoria e remata o **13 de decembro de 2025** (ás 23: 59 hora peninsular española).

5. FASES DE SELECCIÓN DO ESTUDANTADO BENEFICIARIO

5.1. Publicación das listaxes provisórias de solicitudes admitidas

Rematado o prazo de presentación do formulario de presentación en liña, e unha vez examinado este e a documentación presentada, publicarase a **resolución coa listaxe provisoria de solicitudes admitidas e excluídas**, coa mención da causa de exclusión.

As persoas interesadas poderán presentar alegacións no prazo de **10 días hábiles**, contados a partir do día seguinte á publicación desa resolución, dirixidas á Oficina de Relacións Internacionais, mediante o procedemento **SXER- Instancia xenérica** na sede electrónica da Universidade de Vigo (<https://sede.uvigo.gal>).

5.2. Publicación das listaxes definitivas de solicitudes admitidas

Unha vez revisadas as alegacións, publicarase a resolución coas **listaxes definitivas de solicitudes admitidas a trámite e excluídas**.

5.3. Publicación das listaxes provisórias de estudantado seleccionado

A selección das persoas candidatas será realizada pola comisión de avaliación, aplicando os seguintes criterios:

- **Nota media ponderada** do expediente académico a **30 de setembro de 2025** segundo o R.D 1125/2003 de 5 de setembro. En caso de empate, valorarase o número de créditos superados. De persistir o empate, valorarase a puntuación na certificación de idioma.

A Comisión de selección estará composta por:

- Presidenta: Amelia Rodríguez Piña, coordinadora ISEP na Universidade de Vigo
- Secretaria: Amparo Otero Alonso, xefa de negociado da Oficina de Relacións Internacionais
- Vogal: Ana María Pérez López, xefa de área da Oficina de Relacións Internacionais
- Suplente: Patricia González Piñeiro, secretaria do equipo de goberno

Efectuada a selección, publicarase a resolución coa listaxe provisoria de estudantado seleccionado e a listaxe de agarda.

As persoas interesadas poderán presentar alegacións no prazo de **5 días hábiles**, contados a partir do día seguinte á publicación desta resolución, dirixidas á Oficina de Relacións Internacionais, mediante o procedemento **SXER- Instancia xenérica** na sede electrónica da Universidade de Vigo (<https://sede.uvigo.gal>).





ATHENA



HR EXCELLENCE IN RESEARCH

5.4. Publicación das listaxes definitivas de estudantado seleccionado

Unha vez revisadas as alegacións presentadas durante o prazo establecido, a **comisión** de selección procederá á selección definitiva das persoas candidatas.

A Oficina de Relacións Internacionais (ORI) elevará a proposta de resolución definitiva —incluíndo tanto as persoas seleccionadas como, se procede, a lista de agarda— á Vicerreitoría de Internacionalización para a súa publicación oficial.

As persoas interesadas poderán entender desestimadas as súas solicitudes de non se ditar resolución expresa no prazo de 5 meses contados desde o día seguinte ao do remate do prazo de presentación de solicitudes.

IMPORTANTE: A praza so estará confirmada unha vez que ISEP adxudique o destino ao estudantado. Para acadar unha praza, o estudantado seleccionado deberá cumprimentar, tras ser seleccionado pola Universidade de Vigo, o formulario ISEP como se establece no [punto 7](#) desta convocatoria.

As comunicacións individuais que resulten necesarias poderán realizarse ao correo electrónico do dominio @uvigo.gal sinalado na solicitude, sen que estas teñan a consideración de notificación.

6. PROCESO DE SELECCIÓN POR PARTE DE ISEP

Finalizado o proceso de selección na Universidade de Vigo, o estudantado seleccionado deberá cubrir o **formulario específico** en liña de ISEP, **empregando o correo de dominio @alumnos.uvigo.gal para acceder** e engadir no portal de ISEP toda a documentación requirida. O estudantado deberá incluír entre 3 e 5 institucións como mínimo, que participen na modalidade de ISEP EXCHANGE. Na páxina <https://www.isepstudyabroad.org/>, o estudando deberá aplicar os filtros necesarios: FIELD OF STUDY, UNDERGRADUATE, TOEFL SCORE, ISEP EXCHANGE, etc.

A ligazón directa á aplicación en liña de ISEP é: <https://www.isepstudyabroad.org/guides-and-tips/get-started/apply>. En primeiro lugar deberase crear unha conta en **CREATE AN ACCOUNT & APPLICATION**. Unha vez creada a conta, deberase iniciar sesión e ir a **HOW TO APPLY**, onde se seguirán as instrucións para cubrir a solicitude en liña de ISEP.

A solicitude en liña de ISEP **deberá estar cuberta completamente antes do remate do prazo establecido por ISEP para a selección do estudantado para o curso 2026-2027**.

A selección das universidades de destino e os estudos que cursará o estudantado son responsabilidade única da persoa solicitante.

O acceso á listaxe destas institucións e ás ligazóns correspondentes deberá facerse dende a páxina web de ISEP na sección *Find a program*: <https://search.isepstudyabroad.org/FindAProgram/Map>.

É preciso indicar nesa ligazón web de ISEP que a universidade de orixe é a Universidade de Vigo para ver toda a oferta de universidades participantes en ISEP e os seus programas de estudo, así como para poder facer unha busca concreta de institucións segundo criterios académicos (por grao, ou por áreas de estudo).





ATHENA



HR EXCELLENCE IN RESEARCH

7. ACEPTACIÓN E RENUNCIA

As persoas beneficiarias deberán aceptar a praza na plataforma ISEP, unha vez que teñan confirmado o destino, respectando os prazos indicados por ISEP. **De non facelo nese prazo, entenderase que renuncian á praza.**

Toda **renuncia a unha praza previamente aceptada** deberá ser comunicada por escrito á ORI, enviando un correo electrónico ao enderezo: outgoing.ori@uvigo.gal. A renuncia deberá estar **debidamente xustificada**.

O estudantado que **renuncie fóra de prazo e ou sen xustificación válida** será penalizado coa imposibilidade de participar en vindeiras convocatorias de mobilidade da ORI.

Así mesmo, **non presentar a documentación requirida antes do inicio da estadía** será considerado como unha **renuncia non xustificada**, e implicará a mesma penalización.

8. OBRIGAS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS

- Antes de iniciar a estadía:

- Tramitar o **visado**, e aboar os gastos se é necesario, e asegurarse das condicións deste sobre todo no caso de estudantes con nacionalidade de países extracomunitarios e sen permiso de residencia permanente en España. O estudantado recibirá asesoramento desde o ISEP.
- **Aboar as taxas** que se establecen no punto 3 desta convocatoria nos prazos indicados, ben por ISEP ou ben pola Universidade de Vigo.
- **Realizar os trámites de matrícula** correspondentes na Universidade de Vigo durante o curso 2026-2027, estando exentos do pagamento de taxas na universidade de destino.
- **Subscribir en liña o seguro médico** obrigatorio do ISEP tras ser aceptado pola institución de destino.
- **Elaborar o contrato de estudos (Learning Agreement):** O contrato de estudos deberá ser elaborado polo estudantado e validado pola persoa responsable de relacións internacionais do centro da Universidade de Vigo e pola institución de destino **antes do inicio do prazo de matrícula para o curso 2026/2027**.

As **modificacións** do contrato de estudos que sexan necesarias deberán realizarse **dentro do primeiro mes do cuadrimestre** na universidade de destino. No caso de que estas modificacións afecten á matrícula xa formalizada na Universidade de Vigo para o curso 2026/2027, o/a estudante deberá **comunicalas á secretaría do seu centro** unha vez que a modificación do contrato de estudos sexa aprobada polas tres partes.

A xestión dos contratos de estudos, unha vez creados, **non é competencia do persoal da ORI**, polo que calquera trámite relacionado deberá ser canalizado a través das persoas responsables de relacións internacionais dos centros.

- Tras o inicio da estadía:

- Presentar no [Portal de mobilidades saíntes](#) de MoveON, a través do Formulario de Seguimento habilitado o **certificado de chegada (Arrival Certificate)**, cuberto e asinado pola institución de destino. O modelo estará publicado na páxina desta convocatoria no [Portal de bolsas](#).
- Manter o contacto e estar localizable tanto polo persoal da ORI como pola persoa responsable de relacións do seu centro e/ou titor/a, que poderán contactar co estudante en calquera momento da súa estadía.
- Respectar as normas tanto da institución de destino, como da residencia universitaria ou lugar de aloxamento elixido.
- **Ampliación da estadía:**
O estudantado que teña aceptada unha mobilidade para o primeiro cuadrimestre poderá solicitar a ampliación da estadía a curso completo unha vez iniciada a mobilidade. Para solicitar a ampliación, a persoa deberá recibir o consentimento por escrito da persoa responsable de relacións





ATHENA



HR EXCELLENCE IN RESEARCH

internacionais do centro na Universidade de Vigo e tramitar a ampliación seguindo as indicacións de ISEP nos prazos que a rede estableza. Unha vez concedida a ampliación, o/a estudante deberá xestionar os cambios no contrato de estudos coa persoa responsable de relacións internacionais do seu centro de orixe e comunicar os cambios á [secretaría de estudantado](#) correspondente. Adicionalmente, o estudantado deberá tramitar coa aseguradora a ampliación do período de cobertura.

▪ **Redución da estadía:**

O estudantado que teña aceptada unha mobilidade para curso completo, poderá solicitar a redución da estadía unha vez iniciada a mobilidade. Para solicitar a redución, a persoa deberá recibir o consentimento por escrito da persoa responsable de relacións internacionais do centro na Universidade de Vigo e tramitar a redución seguindo as indicacións de ISEP nos prazos que a rede estableza. Unha vez aprobada, o/a estudante deberá xestionar os cambios no contrato de estudos coa persoa responsable de relacións internacionais do seu centro de orixe e comunicar os cambios á [secretaría de estudantado](#) correspondente.

- **Ao finalizar a estadía:**

- Enviar o certificado de realización da estadía, orixinal e asinado e selado pola universidade de destino sen emendas nin borróns á ORI, ao enderezo de correo electrónico outgoing.ori@uvigo.gal. Este certificado é o único documento que servirá para acreditar a realización efectiva da estadía e a súa duración, polo que as datas de chegada e partida definitivas que consten nel serán as que se terán en conta á hora de xustificar a estadía real.
- Cumprimentar e enviar a **enquisa de avaliación** da estadía seguindo as indicacións de ISEP.

9. SINATURA DE DOCUMENTOS

Os documentos que precisen ser asinados polo estudantado nesta convocatoria deben asinarse dixitalmente co DNI electrónico ou co certificado de persoa física emitido pola Fábrica Nacional de Moneda y Timbre. Recoméndase consultar o manual para a obtención do certificado de persoa física.

En toda a documentación relacionada coa estadía, non se poden mesturar sinaturas dixitais con sinaturas manuscritas.

10. USO DO CORREO INSTITUCIONAL E CONTACTO COA ORI

O estudantado deberá utilizar sempre o correo do dominio @uvigo.gal para dirixirse á ORI e seguir as normas de uso de correo electrónico que se publicarán xunto a esta convocatoria no [Portal de bolsas](#). O estudantado deberá dirixirse sempre a outgoing.ori@uvigo.gal para todos os temas relacionados con esta convocatoria e a súa estadía.

11. TRANSPARENCIA

De conformidade co artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e co artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Universidade de Vigo publicará na súa páxina web oficial a relación das persoas beneficiarias e o importe das axudas concedidas, así como as sancións que puideren impoñerse, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Universidade de Vigo, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei. Porén, non será necesaria a publicación cando o órgano





ATHENA



HR EXCELLENCE IN RESEARCH

concedente xulgue que se dan as previsións do artigo 15.2.d) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

12. PROTECCIÓN DE DATOS

Información sobre a política de protección de datos no [Portal de bolsas](#)

13. NOME DOS ARQUIVOS PARA A ENTREGA DE DOCUMENTACIÓN

Documentación para entregar coa solicitude:

Certificado de idiomas	cid-apellido1-apellido2-nome/s-(indicar idioma)
------------------------	---

Documentación para entregar durante a estadía:

Documento de chegada a destino	dll- apellido1-apellido2-nome/s
--------------------------------	---------------------------------

Documentación para entregar ao final da estadía:

Certificado de fin de estadía	cefin- apellido1-apellido2-nome/s
-------------------------------	-----------------------------------

